

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA FOLGA: SERVICIOS MÍNIMOS

EXPEDIENTE:2026/X998/000004

O presente Decreto ten por obxecto aprobar os servizos mínimos que, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais á comunidade, deberán rexer durante as xornadas de folga convocadas pola Confederación Intersindical Galega na Unión Comarcal de Ferrol para os días 25 e 26 de febreiro de 2026 á que están chamados a participar os traballadores e empregados públicos do Concello de Cariño.

A Constitución Española reconece no artigo 28.2 o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, dispoñendo que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade, do que se deduce que o dereito de folga non é absoluto e incondicional, estando suxeito a limitacións en función do ben común e o respecto ao dereito dos demais e así a Constitución permite que, por medio dunha lei, establézanse en caso de folga as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Resulta de aplicación o disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre Relacións de Traballo, segundo o cal «Cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gubernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos».

Os servizos prestados polo Concello de Cariño teñen a consideración de servizos públicos, segundo se desprende do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, e 80 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A competencia municipal para a fixación dos servizos mínimos, de conformidade co establecido no artigo 10 do Real Decreto Lei 17/1977, está recoñecida polo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo en diversas sentenzas, así como polos artigos 13, 19 e 147 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, nos seus artigos 81 e seguintes.

Logo de convocar para os días 25 e 26 de febreiro de 2026 unha folga que afectará a todas as actividades de todos os empregados da Administración Pública, é necesario o establecemento dos servizos mínimos tras a reunión mantida pola Corporación coa representación sindical para a fixación dos mesmos. Para fundamentar a esencialidade do servizo, debe cuestionarse, caso a caso, se, no suposto de non disporse o mantemento dos servizos mínimos, se pode ocasionar un mal á comunidade máis grave que o que os folguistas sofren coa

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal



**CONCELLO
DE CARIÑO**



limitación do seu dereito, por ser a comunidade a destinataria do servizo e ser, tal servizo, esencial para ela. Se se conclúe que si, o dereito de folga debe ceder, nesa medida.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Establecer os servizos mínimos seguintes, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais á comunidade, durante as xornadas de folga convocadas para os días 25 e 26 de febreiro de 2026 á que están chamados a participar os traballadores e empregados públicos do Concello de Cariño:

-Área de servizos sociais: Saf dependencia: 2 auxiliares do servizo de axuda no fogar. Todas as persoas con grao 3 de dependencia (que non teñan familia) garantiránse os seguintes servizos:

- aseo
- comidas
- medicacións

SEGUNDO: Deberase comunicar ao Servizo de Persoal e ao departamento de servizos sociais a relación nominal das persoas que deban prestar os servizos mínimos establecidos no apartado anterior.

TERCEIRO: O incumprimento da obriga de atender aos servizos mínimos será sancionado de conformidade co previsto na normativa aplicable.

CUARTO: Non procederá limitación do exercicio do dereito de folga fóra do establecido no presente Acordo.

QUINTO: O responsable dos distintos departamentos colaborarán co departamento de Persoal para resolver cantas dificultades poidan xurdir no desenvolvemento dos servizos mínimos así como a achega de datos estatísticos cando sexan solicitados, cumprimentando a relación do persoal que non asista ao traballo os días 25 e 26 de febreiro de 2026, aos efectos dos descontos correspondentes, garantindo a prestación dos servizos necesarios para a seguridade das persoas, mantemento de locais, maquinaria, instalacións e o exercicio do dereito ao traballo.

SEXTO: Dar publicidade a este Acordo no taboleiro electrónico municipal.

En Concello de Cariño, 24 de febreiro de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal